

ai

MÚSICA

**Ataque
escampe**

EN PONTEDEUME

MONÓLOGO

Despotorre

NA FUNDAÇOM ARTÁBRIA

Exemplar gratuito

Toni Acosta

NO PAZO DA CULTURA

Karlotti

Juan Carlos Valle, xa para sempre Karlotti, publica un novo poemario o cal sempre é noticia feliz. “Las adorables derrotas (Edicións Embora) presentarase en Canido o próximo 5 de abril e recolle textos das últimas dúas décadas. A maiores, o escritor xa ten programada a XVII edición da heroica Semana de Poesía Salvaxe do 24 ao 26 de abril.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Kiko Delgado

Aí. Tras unha longa espera xa chega o teu cuarto libro, “Las adorables derrotas”. Que nos ofreces nel?

K. Unha escolma de poemas ordenados por Guillermo Ferrández ao longo deste século. Falan da paisaxe, amizades, un amor non ao uso de política de xeito indirecto.

Aí. Que importancia ten para ti o combate político?

K. Creo que o poeta ten que ser político pero a poesía non exactamente. Debe entrar en aspectos dela pero ser libre. Eu admiro a Bertold Brecht ou Celso Emilio Ferreiro, pero a miña relación coa poesía é unha forma de pensamento que uso para atrapar a realidade, un discurso que non pretende manipular nin ser manipulado senón establecer unha relación libre co lector a partir da beleza. O compromiso explícito é do poeta, non do poema aínda que a mellora da realidade estea presente sempre.

Aí. Para ti cal sería a natureza da poesía?

K. A súa maravillosa inutilidade. O que se contrapón ao consumismo, ao

capitalismo, nin se merca nin se vende. Hai quen reivindica vivir da poesía pero iso non é posible. O poeta é funcionario, profesor, banqueiro como T. S. Eliot ou protexido como Rilke, pero ninguén pode vivir disto.

Aí. Pero, aínda que poucos, hai quen vive da literatura, non?

K. A novela pode ser outra cousa, pero a quen lle vendo eu unha poesía? Como o aire ou a cultura dun pobo non ten prezo. Outra cousa é a mercantilización da cultura, a existencia dunha industria cultural que eu rexeito. Eses grandes eventos dos que algún sacan tallada económica. Reivindico máis que nunca a necesidade dunha cultura de pequeno formato, dunha relación directa co público en tabernas, asociación de veciños, etc. Do contrario temos o perigo dun consumo de usar e tirar.

Aí. E cal é a relación túa e da túa xeración, que padecestes o franquismo, coa cultura?

K. Un espazo de resistencia, un antídoto para non enfermarse. Hoxe estamos a ver unha deriva terrible en Occidente, así que hai que volver ás barricadas en

flor da resistencia. A poesía ou a música que o atravesa todo. Non hai tanto que descubrín o traballo de Luísa Villalta que reivindicaba ambas, como a escrita de Xurxo Souto que tamén me axudou a afondar nesa relación.

Aí. Regresando a “Las adorables derrotas”, que paradoxo queres transmitir desde o título?

K. Falo da vida, como nos descoloca e pensamos que imos a un lugar e acabamos noutro que non pensabamos. Ese é o sentido de derrota ao que me refiro, unha deriva pola vida que nos leva por onde ela quere. E hai que deixarse levar. Por certo quero agradecer o traballo de Mauro Trastoy, autor da cuberta do volume e da maquetación.

Aí. É o teu cuarto libro, non parece unha produción extensa logo de botar tanto tempo escribindo.

K. Teño moitos poemas espallados en antoloxías e si escribo moito pero non son un obseso da publicación. Escribo para os amigos, como se as palabras fosen postais, pero son sempre algúns deles os que



“A NATUREZA DA POESÍA É A SÚA MARABILLOSA INUTILIDADE”

me fan unha escolma que os recolla. Eu a esta idade non teño necesidade de publicar.

AÍ. O próximo mes regresa a Ferrol unha nova edición da Semana de Poesía Salvaxe, a festa da palabra encarnada.

K. Efectivamente, os días 24, 25 e 26 de abril xa é a XVII edición. Ademais de poetas de noso virá xente de Portugal, Francia, Euskadi e Cataluña. Teremos a Anxo Angueira presentando a poesía completa de Méndez Ferrín e actividades no Ateneo, Centro

Cívico de Canido, Mercado de Récimil e o paseo pola ría en barca. Afortunadamente recuperamos o contacto coa Concellería de Cultura pero tamén seguimos a ter o apoio de entidades como Fuco Buxán, AVV de Canido, Fundación Artabria, Radio Fene e moita xente que valora esta actividade e que insiste en que hai que continuar facéndoa.

AÍ. Por que?

K. Porque actividades como esta son máis necesarias que nunca, un antídoto contra o poder e

o belicismo rampante de hoxe logo de esquecer a historia de Europa e o que aquí se viviu. E logo, porque é unha celebración asumida por moita xente incluso allea a este mundo.

AÍ. Tes a sensación de que a Semana de Poesía Salvaxe ten tanta ou máis repercusión fóra que na cidade?

K. Fóra é moi valorada. Cónstame por moitísima xente. Hai que ter en conta que deben ter pasado cento e medio de poetas de moitos lugares que logo falan do vivido en Ferrol, de forma libre. Logo, hai boas relación e de aquí saen proxectos entre eles ou polo menos unha boa amizade. E non hai maior valor que iso.

06 *xoves*

19:30 H

MULTIVERSO DE TELESCOPIAS

Conferencia

CASA DA CULTURA (FENE)

DE BALDE

A ESCRITORA, MÚSICA E ASTRÓNOMA AMADORA ESTÍBALIZ ESPINOSA OFRECE UNHA CHARLA SOBRE ASTROFÍSICA DESDE A PERSPECTIVA DUNHA CREADORA TOTAL

A astrofísica é un ámbito do que se coñecen poucos nomes e achegas científicas de mulleres (Jocelyn Bell, Caroline Herschel, Vera Rubin ou Antonia Ferrín). Que hai das súas aportacións en ciencia, das súas representacións en arte e dos textos e poemas nos que tocan o ceo? Pois velaquí un multiverso.

08 *sábado*

20.00 H

O DEUS DO POP

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



DIEGO ANIDO PRESENTA UN MONÓLOGO SEUDOBIOGRÁFICO CHEO DE HUMOR E RETRANCA SOBRE O DESEYO DE ÉXITO.

Esta é a quinta peza propia de Anido, na que alterna texto, baile e música creada con estraños obxectos. Neste monólogo deseudoficción, encarna a un esperpéntico imitador de Michael Jackson: branco, medio calvo, pouco áxil e, sobre todo, mediocre. A retranca e o surrealismo mestúranse con pasaxes reais da vida de Anido, chegando a facer dubidar ao público sobre que hai de real nesta reflexión sobre a ambición de querer ser famoso e brillar sobre o escenario.

07 *venres*

20.30 H

UNHA MADRE DE PELÍCULA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

16 €



TONI ACOSTA PROTAGONIZA ESTE ESPECTÁCULO DIRIXIDO POR JUAN CARLOS RUBIO, UNHA AVENTURA TEATRAL PERFECTA: INTELIXENTE, IRÓNICA E DIVERTIDA.

Eva María, ás tantas da madrugada, recibiu unha tallante mensaxe de Alejandro, o seu único e adorado fillo: debe entrar na súa habitación e buscar nun caixón pechado cun cadeado un documento que necesita con urxencia para a Universidade americana na que estuda. Urxente é “xa, agora, sen perder un instante, mamá”. Alejandro, que coñece moi ben á súa proxenitora, advírtelle de que non caia na humana (e especialmente maternal) tentación de furgar nas súas cousas aproveitando a estupenda ocasión. Eva María promete ao seu fillo cumprir a machada o seu labor, pero unha vez inmersa no encargo... Quen está libre de pecado?

08 sábado 13.30 H

GRAMPODER

Música

GUIÓN CLUBE (PONTEDEUME) 8 €

POP PSICODÉLICO, HARDCORE E POST-PUNK ENÉRXICO.

O dúo compostelán Grampoder volve aos escenarios cunha versión máis eléctrica do seu rock portátil. A banda presenta novas cancións mantendo un formato escénico mínimo.

08 sábado 20.30 H

AINHOA ARTETA

Música

AUDITORIO DE FERROL 30 €

O cancionero español é a parte fundamental do programa do concerto da soprano Ainhoa Arteta e o pianista Javier Carmena.

15 sábado 20.00 H

MACHO GRITA

Teatro musical

PAZO DA CULTURA (NARÓN) 16 €



CREADA, DIRIXIDA E INTERPRETADA POR ALBERTO SAN JUAN, É UNHA COMEDIA MUSICAL QUE PARTE DO MITO DO “DON JUAN” PARA PENSAR COMO SE CONSTRÚE “O MACHO” EN ESPAÑA.

Alberto San Juan define esta peza como “unha crónica da miña propia cegueira sobre a historia do meu país. Un intento de aproximación ao proceso histórico polo cal se constrúe a norma que establece que é ser español. Un intento de entender como se constrúe o sistema de poder xerárquico que nos goberna, como se constrúe o Macho –entendido como vontade de dominio–, neste territorio chamado España”.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 FERROL - A Coruña
Tels.: 981 074 644 - 698 179 453
e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

14 venres

20:30 H

A BANDA DA LOBA

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €

PRESENTACIÓN DO QUINTO TRABALLO DISCOGRÁFICO D'A BANDA DA LOBA: *LOVISMO É UNHA DECLARACIÓN DE AMOR*.

Para Andrea, Estela, Iria, Marcela e Xiana, *Lovismo* é “un canto polos amores que son e os que non chegan a ser, unha aperta ás amigas que aparecen e ás que permanecen, un espazo no que agroma o desexo”.

15 sábado

23.00 H

ATAQUE ESCAMPE

Música

GUIÓN CLUBE (PONTEDEUME)

8 €



A BANDA MÁIS CAMALEÓNICA DO PAÍS EXPLORA EN CADA DIRECTO TERRITORIOS MUSICAIS QUE CONVIDAN AO BAILE E AO DESENFREO.

Ver a Ataque Escampe en directo é unha experiencia difícil de esquecer. O seu espectáculo é a restra de emocións que cabe esperar do grupo que leva desde 2008 escribindo a banda sonora do noso espazo-tempo en máis de 120 cancións: desde alfaías ocultas até auténticos himnos *underground*, como «Segunda división», «A vitoria», «Noites de agosto» ou «Lamborghini», entre moitos outros. Non hai dous concertos de Ataque Escampe idénticos porque todos os sitios son especiais e todos os días memorables.

21 venres

20.30 H

PEQUENAS MENTIRAS

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,5 €



PATRICIA DE LORENZO PROTAGONIZA ESTA CONFERENCIA PERFORMATIVA SOBRE O PROCESO DE CREACIÓN DALGUNS DOS PERSONAXES QUE INTERPRETOU AO LONGO DO ÚLTIMOS QUINCE ANOS.

Moitas veces ser actriz é funcionar como alguén que está actuando nunha historia da que forma parte, pero que non é a súa, senón a historia que alguén quere contar a través dela, mesmo a pesar dela. As actrices, como tantas outras mulleres, moitas veces actúan como subalternas, disfrazando a súa voz e o seu corpo para representar personaxes alleos que normalmente reproducen os imaxinarios do poder. Elas son as que están aí diante nosa, pero non falan por si mesmas. Son outros falando a través delas. O traballo dunha actriz pódese converter tamén nun modelo de resistencia contra esa forma de actuar. Algo que pasa por tomar conciencia e tomar partido. Aprender a escoitar o que se oe entre as liñas dun guión. Comprometerse cando se acepta ser parte dunha historia e falar por ti mesma.

Singular. X Festival Internacional do monólogo teatral
7–30 de marzo 2025, Pazo da Cultura de Narón

Singular

Espectáculos



Una madre de película

PENTACIÓN (Madrid)
7 marzo, 20:30 h
Pazo da Cultura



La Celestina

ESTREA
REY MARCIALI
PRODRRODUCCIONES (Argentina)
28 marzo, 20:00 h
Pazo da Cultura



O deus do pop

DIEGO ANIDO (Galicia)
8 marzo, 20:00 h
Pazo da Cultura



Vicio houbo sempre

ATENEA GARCÍA (Galicia)
29 marzo, 20:00 h
Pazo da Cultura



La 4TA Lucía

AIRE FRÍO (Cuba)
14 marzo, 20:30 h
Pazo da Cultura



Macho Grita

ALBERTO SAN JUAN (Madrid)
15 marzo, 20:00 h
Pazo da Cultura



Pequenas mentiras para contar grandes verdades

CHÉVERE (Galicia)
21 marzo, 20:30 h
Pazo da Cultura



Hoy tengo algo que hacer

TEATRO DEL BARRIO (Madrid)
22 marzo, 20:00 h
Pazo da Cultura

Actividades paralelas

Taller de teatro:
"El actor y su proceso creativo" impartido por Beatriz Viñas (Cuba)
10–13 marzo
Auditorio Municipal

Mesa redonda: "Programación en Galicia de espectáculos internacionales"
21 marzo 18–20h
Pazo da Cultura

Rolda de negocios:
"Encontro con programadores nacionais e internacionais (membros de redelae) e compañías de teatro galego"
22 marzo de 11–13h
Pazo da Cultura

Asamblea Redelae
23 marzo de 10h–14h
Café Teatro Pazo da Cultura

"Seminario de Clown" impartido por Julieta Daga (Argentina)
25, 26 e 27 marzo de 18h–21h
Auditorio Municipal

Infantil

As verbas de Luisa

MANUELA VARELA (Galicia)
9 marzo, 18:00 h
Café Teatro Pazo da Cultura

KYOKI

ELEFANTE ELEGANTE (Galicia)
16 marzo, 18:00 h
Café Teatro Pazo da Cultura

Contos para entender(nos) mellor

CRIS DE CALDAS (Galicia)
23 marzo, 18:00 h
Café Teatro Pazo da Cultura

Lúa quere viaxar a..... Marte!

A XANELA DO MAXÍN (Galicia)
30 marzo, 18:00 h
Café Teatro Pazo da Cultura



Segue a actualidade do Festival:

www.padroadodecultura.es
[facebook/padroadodeculturaconcellodenaron](https://www.facebook.com/padroadodeculturaconcellodenaron)
[@culturannaron](https://www.instagram.com/culturannaron)



MARÇO



ASSOCIA-TE!



sexta-feira

07
20.00hs



A MÚSICA GALEGA TEM NOME DE MULHER

INAUGURAÇÃO DA EXPOSIÇÃO DE
MARIO MARTIÑO

sábado

08
22.00hs



NADIE GONZÁLEZ

MAIORA PETISCOS A PREÇOS POPULARES
ATÓMICA DJ · CHARMLESS DJ



domingo

09
13.00hs



SESSOM VERMUTE mediarea

E A SEGUIR
FOLIADA

sexta-feira

14
19.30hs

APRESENTAÇÃO DO LIVRO DE ISABEL REI SAMARTIM

GALIZAN NATION

UMA DISTOPIA KPOP



20.15
CLUBE DE LEITURA
COM A PRESENÇA DA AUTORA

terça-feira

18
20.00hs



APRESENTAÇÃO DO LIVRO

MULLERES NA CONSTRUÇÃO DA NACION GALEGA

COM A PARTICIPAÇÃO DE
LUCÍA VECIÑO
MARGARIDA CORRAL



sexta-feira

21
22.00hs

DESPOTORRE

COM RAQUEL TORRES E ANE LINDANE

BILHETE 8€ (6€ PESSOAS SOCIAIS)

sábado

22
22.00hs

MESTIS

CLAUDIO H.
OUM FARINHA
CARLOS FREIRE



sexta-feira

28
19.30hs



PALESTRA COM LUÍS ALONSO ÁLVAREZ / MARCOS ABALDE

TRAFICANTES GALEGOS NO COMÉRCIO DE PESSOAS ESCRAVICADAS: O CASO DE RAMÓN PLÁ, MARQUÊS DE AMBOAGE



domingo

30
12.30hs

XXXV ANIVERSÁRIO DO SEU PASSAMENTO

HOMENAGEM A CARVALHO GALERO

RUA SAN FRANCISCO (DIANTE DAS RUÍNAS DA SUA CASA NATAL)

segunda-feira

31
20.00hs

GALIZA COM PALESTINA

JORNADA NACIONAL DE MOBILIZAÇÃO
CONTRA A OCUPAÇÃO E O GENOCÍDIO



ARTABRIA



colabora
Deputación
DA CORUÑA

FERROL
www.ferrol.gal

21 venres

22.00 H

DESPOTORRE

Monólogo (a dúo)

FUNDAÇOM ARTÁBRIA (FERROL)

8 €



ANE LINDANE E RAQUEL TORRES TRATAN CON HUMOR E DESCARO “TEMAS DIFÍCILES” (POR ESCONDIDOS) NA CONVERSACIÓN PÚBLICA. AUTÉNTICA COMEDIA PUNKI.

Despotorre é un show de comedia feminista que as súas creadoras definen como “choni-punk, vasco-estremeño, descarado, fresco e politizado”. Ane Lindane é de Bilbao. Raquel Torres é madrileña de nacemento, extremeña de adopción e residente en Bilbao. Ambas as dúas intérpretes comparten unha visión da comedia libre e irreverente e procuran a risa do público “fóra do que se entende como normativo” nun show no que se conta por que o machismo chega a provocar estreñimento e por que resulta imposible alcanzar os canons estéticos e físicos impostos. As dúas cómicas reivindicán o papel da muller na comedia. “O humor entre homes e mulleres si que é diferente porque cada un temos a nosa perspectiva e a nosa realidade”. Estamos afeitos a rirnos só de cousas deles e chegou o momento de dicir, perfecto, rímonos das vosas cousas e agora imos poñer o noso punto de vista no centro.

22 sábado

20.00 H

HOY TENGO ALGO QUE HACER

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



LUIS BERMEJO PROTAGONIZA ESTE MONÓLOGO CÓMICO “EN TORNO AO ABISMO DAS NOSAS OCUPACIÓNS VITAIS”

A peza presenta as peripecias dun heroe moderno que, seguindo a gran tradición picaresca española, parte do fogar co propósito de comprender que é iso de ter unha ocupación: o día, a semana, o ano, fanse moi longos, pídennos recheo e estrutura e dirección, necesitamos agarrarnos a algo que facer para dar sentido e substancia.

22 sábado

23.00 H

MÚSCULO!

Música

GUION CLUB (PONTEDEUME)

8 €

MÚSCULO! É UNHA DAS BANDAS DE ELECTRÓNICA DE BAILE MÁIS INTERESANTES DO PAÍS. CONTEMPORANEIDADE CONTUNDENTE E ATRACTIVA.

Álvaro Blanco, Raúl Santiago e Manuel Rodríguez forman Músculo! Creada en 2012, a evolución musical da banda foi escorándose cara á electrónica sen deixar de lado a experimentación, adaptándose ás máis novas tendencias sen complexos e sen medo a explorar novos sons.

29 sábado

20.00 H

VICIO HOUBO SEMPRE

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,5 €



DIVERTIDA E FRESCA PROPOSTA DE NARRACIÓN ORAL ONDE ATENEA GARCÍA PRESENTA HISTORIAS DE VIDA RECOLLIDAS A MULLERES QUE XA CUMPRIRON 80 ANOS.

A primeira conversa naceu cunha frase: “Vicio houbo sempre, gracias a Dios!” E logo seguíronlle outras tantas onde as mulleres foron contándolle a Atenea unha chea de cousas supostamente prohibidas. A peza fala do amor e da vida que sempre houbo nas marxes fiando contos sobre a diversidade sexual, a ausencia na emigración e, como non, a diversión nos bailes das festas! Todo, ao ritmo de historias e cancións acompañadas coa pandeireta.

28 venres

20.30 H

LA CELESTINA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



VERSIÓN LIBRE DO DIRECTOR ARGENTINO DAVID PICCOTTO DA OBRA CLÁSICA DE FERNANDO DE ROJAS.

La Celestina. Tragicomedia de Lita é unha investigación escénica sobre o mundo clown atravesado polo texto clásico. Nesta versión da Celestina, o espectador é fundamental para levar a cabo a historia. Lita (a actriz Julieta Daga) xace tendida no chan, enredada cunha escenografía que se lle caeu encima. A actriz pide axuda e sutilmente os espectadores son convidados a actuar xunto a ela. Baixo a sutileza do manexo da escena da actriz-pallasa xéranse novas formas de actuación.



III CONCURSO DE BD DE HUMOR

ALIVIA Pequeno





Se tes entre 8 e 16 anos... consulta as bases e participa!!!



edicións **embora:**

A fábrica de historias



ESTREA DO MES | 23 DE MARZO



O seu filme aborda varios temas. Cal é a idea orixinal? Abordo temas que me son moi queridos e que xa tratei nos meus filmes anteriores, como os lazos fraternais, o azar e o determinismo social, e reúnoos nunha soa historia. O meu punto de partida foi unha idea que tiven hai moito tempo, durante unha consulta sobre unha película que nunca viu a luz, ambientada en Tourcoing, no mundo das majorettes. Fun alí para coñecer a unha banda de música e ao seu grupo de majorettes, as *Cht'is lutins*. Ninguén sabía ler música, nin sequera o director. Todo o repertorio da banda estaba composto por pezas que el adaptaba de oído. O director desagregaba as pezas por seccións e os demais reproducían o que oían. Despois do ensaio, fomos

todos a tomar algo á súa casa e cando vin a esas persoas de todas as idades gozando de estar xuntas, decateime da importancia da música e das bandas de música como vínculo social e emocional: son unha familia e unha forma de vida, un remedio contra o illamento, a omnipresencia das pantallas e o noso mundo tan desmaterializado. Mentres observaba ao seu director, preguntábame cal sería o seu destino de nacer nunha contorna máis privilexiada. Foi entón cando me veu á mente a imaxe dun gran director de orquestra que descobre a existencia dun irmán que toca nunha banda de música: un choque cultural, emocional, social e musical. O ton que adopta está constantemente no límite entre a comedia, a comedia social e o drama...

O que máis me gusta é conciliar os opostos e atopar unha forma de compromiso ou equilibrio. Isto é certo tanto na miña vida como no cinema: drama ou comedia? Filme de autor ou cinema popular? Música clásica ou cancións populares? Por que elixir? É un camiño esixente ao bordo dun desfiladeiro. Non sempre é fácil, pero é o que me apasiona. É o que impulsa as miñas ganas de escribir. Xógase con cousas moi delicadas e hai que saber evitar o patetismo en canto aparece. Hai que moverse evitando calquera compracencia e saber saírse pola tanxente no momento oportuno, para atopar ese pequeno detalle que desactiva a situación e faga aflorar a emoción por sorpresa.

Caramel (dossier de prensa)

28 FEBREIRO

MI ÚNICA FAMILIA
Mike Leigh

2023 | REINO UNIDO | 97' | INGLÉS | +12



Para Pansy a vida é unha loita constante, con ela mesma e co resto do mundo. O seu marido hai tempo que se rendeu no intento de comprendela, mentres que o seu fillo vive no seu mundo. A través da comprensión e agarimo da súa irmá Chantelle, coa que parece que non ten nada en común, Pansy comeza a atopar unha nova maneira de estar no mundo.

San Sebastián 2024 (sección oficial)

“Demoledor retrato da depresión e a cotiandade da clase obreira (...) brillante interpretación de Marianne Jean-Baptiste” Cadena SER

07 MARZO

TARDES DE SOLEDAD
Albert Serra

2024 | ESPAÑA | 125' | ESPAÑOL | +16



Albert Serra acompaña ao toureiro Andrés Roca Rey durante diferentes corridas, desde que se viste de luces até que se desviste, pasando polo violento encontro co animal na praza.

San Sebastián 2024 (Cuncha de Ouro)

“Unha experiencia visual e sonora cegadora, hipnótica e brutal.” El Periódico

GRAND TOUR

Miguel Gomes

2024 | PORTUGAL | 129' | PORTUGUÉS | +7



Rangún, Birmania, 1917. Edward, funcionario do Imperio Británico, foxe da súa prometida Molly o día que esta chega para casar. Durante a súa viaxe, con todo, o pánico dá paso á melancolía. Contemplando o baleiro da súa existencia, o covarde Edward preguntase que sería de Molly... Decidida a casar e divertida pola xogada de Edward, Molly séguelle a pista a través de Asia.

Cannes 2024 (Mellor Dirección)

“Unha oda á beleza que emana de toda tristeza, esa saudade portuguesa que este filme eleva a monumento” El País

14 MARZO

MORLAIX
Jaime Rosales

2024 | ESPAÑA | 124' | FRANCÉS | +12



Gwen, unha moza estudante de secundaria marcada pola recente morte de súa nai, pasa o seu tempo cun grupo de amigos, incluído o seu amante Thomas, un aprendiz de panadeiro. Cando Jean-Luc, un estudante parisino con vocación artística, se instala na zona, Gwen non oculta o seu problema, como se tivese ante si unha decisión clave para ela. Un día descobre no cinema un filme que parece inexplicablemente inspirada na súa propia vida.

Rotterdam 2025 (Sección Oficial)

“O novo filme de Jaime Rosales fala sobre o destino, o amor e a inevitabilidade a partir dun triángulo amoroso cheo de posibilidades non exploradas” Cineuropa

LUMIÈRE: LA AVENTURA CONTINÚA

Thierry Frémaux

2024 | Francia | 103' | francés



Hai 130 anos, os irmáns Lumière inventaron o cinema. Todo estaba xa alí: a composición, os planos de seguimento, as escenas dramáticas, os sketches cómicos, os actores... Grazas á restauración de máis de 100 filmes Lumière inéditos, a longametraxe nos ofrece un espectáculo intacto do mundo de principios de século e unha estimulante viaxe ás orixes dun cinema que non coñece fin.

San Sebastián 2024 (sección oficial)

21 MARZO

LOS AITAS
Borja Cobeaga

2024 | ESPAÑA | 88' | ESPAÑOL | +12



Na periferia obreira do Bilbao de finais dos 80, un equipo infantil de ximnasia rítmica ten a oportunidade de participar dun campionato en Berlín. Ante a imposibilidade de que as nais acompañen as súas fillas, a tarefa vai recaer nos pais, que non parecen moi interesados na viaxe, nin nese deporte, nin mesmo nas súas propias fillas.

MISERICORDIA

Alain Guiraudie

2024 | FRANCIA | 103' | FRANCÉS | +16



Jérémie regresa aá súa vila natal para asistir ao funeral de Jean-Pierre, un antigo xefe seu. Unha misteriosa desaparición, un veciño ameazante e un estraño sacerdote, van facer que a breve e tranquila estancia de Jérémie en Saint-Martial, tome un xiro inesperado.

“Leva o cinema contemporáneo cara aos seus propios límites. Sen dúbida, un dos filmes clave dos últimos anos” Caiman

LA CHICA DE LA AGUJA

Magnus von Horn

2024 | DINAMARCA | 115' | DANÉS



Karoline, abandonada na rúa e embarazada, loita por sobrevivir na Copenhague posterior á Primeira Guerra Mundial. Cando coñece á carismática Dagmar, que dirixe unha axencia de adopción clandestina, asume o papel de ama de cría. No entanto, o mundo esboroa cando descobre a horrible verdade que oculta o seu traballo.

Oscars 2025 (Candidata a Mellor Filme Internacional)

“Extraordinaria e perturbadora” Variety

28 MARZO

POR TODO LO ALTO
Emmanuel Courcol

2024 | FRANCIA | 103' | FRANCÉS | +12



Thibaut é un célebre director de orquestra que viaxa polo mundo. Ao saber que é adoptado, descobre a existencia dun irmán, Jimmy, empregado dun comedor que toca o trombón nunha banda municipal. Sepáraos todo agás o amor pola música.

San Sebastián 2024 (Premio do Público)

“Unha desas maravillosas historias que un, de cando en vez, agradece que lle conten, cunha chea de personaxes bos e entrañables. Todo é tan musical, humano, gozoso e divertido...” ABC

TEMPADA DE ÓPERA E BALLET

XOV 20 ÁS 20:15 (directo)

ROMEO Y JULIETA

Kenneth MacMillan

210' (CON DOUS DESCANSOS) | SEN IDIOMA | MÚSICA: SERGEY PROKOFIEV | BALLET ROYAL BALLET & OPERA DE LONDRES



Romeo Montesco e Julieta Capuleto namoran a pesar de pertenceren a familias inimigas.

Entradas: 15 € | 12€ para socios/os da Filarmónica Ferrolana

DUPLEX presenta
SÁB 1 ÁS 19:30

LA MARSELLA DE LOS BORRACHOS

Pablo Gil Rituerto

2024 | ESPAÑA | 96' | ESPAÑOL | +7



En 1961, un grupo de antropólogos italianos realiza unha viaxe para gravar cancións populares de apoio á resistencia antifranquista, polo que foron procesados e as súas gravacións censuradas. Sesenta anos despois son recuperadas polo último membro vivo daquel grupo.

SEMINCI 2024 (Tempo de Historia)

“Cativador, emocionante e tristemente pertinente.” La Vanguardia

Presentación e coloquio con Pablo Gil, Faia Díaz e O Leo

DOM 9 ÁS 17:30

AURORA

Area Erina

2024 | ESPAÑA | 65' | GALEGO | +12



Aurora e Area, mulleres achegadas de mundos dispares, establecen unha forte relación de intimidade, confianza e profundas conversas ligadas á morte, a familia, a guerra e a muller.

Málaga 2024 (sección oficial)

Presentación e coloquio coa directora do filme Area Erina e o produtor Antonio Durán “Morris”.

Petís DUPLEX

CINEMA PARA TODA A FAMILIA, OS DOMINGOS ÁS 12:00.
CICLO GRATUITO EN COLABORACIÓN COA CONCELLERÍA DE CULTURA DE FERROL

DOMINGO 2

ZORRO Y LIEBRE SALVAN EL BOSQUE

Mascha Halberstad

2024 | HOLANDA | 70' | VE | +5



Zorro e Liebre fan unha festa. Cando Búho volve á súa árbore, decátase de que algo acontece. De onde saíu toda esa auga?

Berlinalde 2024 (Generation KPlus)

DOMINGO 9 E 23

NINA Y EL SECRETO DEL ERIZO

Jean-Loup Felicioli, Alain Gagnol

2023 | FRANCIA | 78' | VE | +6



Nina e o seu ourizo Mehdi emprenden unha grande aventura: e se o tesouro escondido na antiga fábrica puidese resolver todos os seus problemas?

Mi Primer Festival 2023 (Competición Oficial)

DOMINGO 16 E 30

SIROCCO Y EL REINO DE LOS VIENTOS

Susanne Seidel

2023 | FRANCIA | 80' | VE | +6



Dúas irmás descubren unha pasaxe secreta cara o mundo do seu libro favorito, O Reino dos Ventos. Transformadas en gatas, enfróntanse ao mago Sirocco.

Anecy 2023 (Premio do público)

Off DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO. PASES ÚNICOS

MAR 11 ÁS 20:00

MEMORIAS DE UN CUERPO QUE ARDE

Antonella Sudasassi Furniss

2024 | COSTA RICA | 90' | ESPAÑOL | +16



Unha muller de 70 anos busca noivo, non esposo. Durante moito tempo respondeu os desexos doutros, pero xa non.

Berlinalde 2024 (Sección Panorama - Premio do Público)

"Belo e sensible traballo sobre a sororidade e o empoderamento das mulleres" otrosines.com

MAR 25 ÁS 20:00

SALVAXE, SALVAXE

Emilio Fonseca Martín

2024 | ESPAÑA | 86' | GALEGO | +7



A cámara adéntrase nos montes da Galiza e o norte de Portugal. Para tecer os sinais que deixa a vida salvaxe hai que agudizar os sentidos. Salvaxe, salvaxe rastrea imaxes e ausencias do lobo ibérico.

Málaga 2024 (Mellor Documental)

Coa presenza do director e a co-guionista Xiana do Teixeiro.

Foco DAVID LYNCH

TREN DE SOMBRAS

XOV 6 ÁS 19:30

MULHOLLAND DRIVE

2001 | EUA | 149' | INGLÉS | +18





Betty Elms chega a Los Angeles para converterse en estrela de cine e alóxase no apartamento da súa tía. Ali coñece á enigmática Rita, que padece amnesia a causa dun accidente sufrido en Mulholland Drive.

Cannes 2001 (Mellor Dirección)

"O máis cegador e inquietante que conseguiu facer Lynch" The Guardian

Entradas ao prezo habitual.



NOVELA

O CUARTO DE GIOVANNI

JAMES BALDWIN | IRMÁS CARTONÉ | 224 PÁX. | **15,50 €**

NATIVO DO BARRIO NEOIORQUINO DE HARLEM, JAMES BALDWIN (1924-1987) FOI CONSIDERADO POLOS SEUS COMPATRIOTAS COMO UN TIPO “FEO E CABREADO”.

Sen negalo hai un terceiro elemento por enriba dos anteriores, era un escritor extraordinario. A proba é esta tradución de Celia Recarey da súa obra mestra “O cuarto de Giovanni” agora que se vén de cumprir o centenario do escritor, afroamericano e homosexual. Foi esta unha novela que causou un gran escándalo en 1956, data da súa publicación, cando o autor escribe esta historia “queer” sobre o amor entre dous homes brancos rompendo todo un tabú. Baldwin amosa na súa obra ser un explorador sobre a culpa e a dor á hora de retratar a David, un estadounidense branco comprometido cunha moza chamada Hella. De súpeto namórase de Giovanni, un sedutor barman dun bar gay de París de cuxo destino terrible saberemos logo. Ao mesmo tempo que o esmagamento, o amor provoca en David un forte desprezo por si mesmo e un crecente noxo pola necesidade de Giovanni por el. A habitación, como fogar ou niño para unha relación sexual clandestina, convértese nun estado mental do que David foxe para recuperar a súa “normalidade” e tamén a sexualidade reprimida. Unha novela sobre a perda da inocencia e a culpa por non enfrontarse ao que un é.

POESÍA

ENCICLOPEDIA PERPLEXIDADE

ANTÓN REIXA | KALANDRAKA | 178 PÁX. | **18 €**

Co informativo subtítulo de “Escolma Poética 1976-2023”, o multifuncional creador Antón Reixa compila os seus versos, traballo a cargo do poeta e profesor Xabier Cordal. O volume transita desde os tempos do colectivo Rompente en adiante polo ronsel do pasmo, o humor na indagación sobre o que sexamos os galegos pasando pola estrañeza do cotián, a depredación capitalista ou a violencia colonial en Galicia e noutros pobos do mundo. Un libro que reivindica ao Reixa poeta nun tempo en que, citándoo, “estamos en guerra, pero hai que reflexionar”.

CONVERSAS

CARLOS NÚÑEZ, O COMUNISTA QUE NON FOI GAITEIRO


PERFECTO CONDE | EDITORIAL GALAXIA | 300 PÁX. | **24,50 €**

O xornalista Perfecto Conde, que fora responsable de prensa do Concello de Ferrol, publica esta longa conversa co publicista Carlos Núñez Rodríguez. Pai do popular gaiteiro, de aí a referencia do título, ambos dialogan e o resultado é o retrato dunha sólida militancia e loita política desde o PCE dun demócrata en tempos de ditadura franquista e despois. Núñez perfila a natureza do compromiso: exilio, torturas, loita obreira no Vigo dos 70, a vida familiar pero tamén a relación con figuras da política e a cultura. O prólogo corre a cargo do profesor Xesús Alonso Montero.

DELICIAS SONORAS

**DE NINGHURES FEIRA**

O agardado segundo disco do grupo compostelán De Ninghures xa está aquí. Tralo seu esperanzador debut con “Aquí” a formación que busca reinventar o concepto de música tradicional no século XXI xa ten unha digna continuación. Trátase de “Feira”, unha obra composta por dez pezas producida por Juan de Dios (Xoel López, Amaral...) nunha aposta descarada por actualizar o seu son. O certo é que o resultado sendo música tradicional incorpora arrecendos doutras latitudes e de tempos actuais. Aí está “Corazón alionado” ou “Poço” con ecos do sur e orientais, o “dance” ou a electrónica de “Morena” ou simplemente a posta ao día da música tradicional como en “Punteada”. Asemade, “En fin, que máis dá” ou “Descolorido” ofrecen un aire máis pop e de música coral. Un disco de temas breves, exactamente media hora, que concentra a sonoridade e a mestura da súa proposta dun disco no que nada sobra, nunha feira sonora do século XXI con moitas voces pero onde a música tradicional brilla e arrecende por riba de todo.

**BEACHWOOD SPARKS ACROSS THE RIVER OF STARS**

Cunha traxectoria digna do Guadiana, a banda californiana Beachwood Sparks vén de publicar o seu cuarto disco en 25 anos de traxectoria, o primeiro desde 2012. Facturador dun country psicodélico alternativo ou dun folk rock na liña de bandas dos 60 (Byrds, Beach Boys, Gram Parsons) e dos creadores destes sons nos 70 e 80 (Neil Young, Tom Petty, Long Ryders, etc.) un pensaba que toda a súa historia xa estaba escrita, pero a sorpresa chegou cando publican este marabilloso “Across the river of the stars” con nove pezas cheas de nervio, sensibilidade e paisaxes abertas da mellor tradición americana. Un deses casos en que o grupo está á altura dos seus referentes como na sublime “Gentle Samurai” ou unha complexa “Dolphin Dance”. Canda elas temas tan afortunados como “My love, my love”, “Falling Forever” ou “Wild Swans”, por exemplo. Unha dobre sorpresa, o de ver redivivo a un grupo agradable que un pensaba desaparecido e tamén a propia calidade deste estupendo traballo.

**AUDIOVISUAL LOS NEGATIVOS: GRADUADOS EN UNDERGROUND**

Estreada a fins do pasado ano no festival de documentais In-Edit, “Los Negativos: Graduados en Underground” é un percorrido pola traxectoria da banda barcelonesa elaborada polo director Víctor Carrey e impulsada polo produtor Fernando Campillo. Se os 80 redescubriron bandas que non venderon pero que atraparon a imaxinación dos afeccionados, Los Negativos son claro exemplo de grupo a reivindicar hoxe pola calidade das súas cancións, non só no cenital “Piknik Caleidoscópico” (1986). O documental ofrece a traxectoria do grupo pero tamén a interesantísima escena artística desa Barcelona dos 80 escurecida polo poder mediático madrileño. Nada novo. Pola cinta falan Miqui Puig, os irmáns Gil, Loquillo, Kiko Amat e o círculo creativo (artistas plásticos, fanzines, fans, etc) da inspirada banda. Pendente da súa estrea en plataformas, seica RTVE será quen a emita, o traballo de Carrey e Campillo ilustra como desde as barricadas Calonge, Morató, Estrada e Grima pasaron á historia. En cores pop e roubándonos o corazón.

MARZO

01 sábado

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

MALDITOS TACONES

02 domingo

INFANTIL: PETÍS DÚPLEX

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

ZORRO Y LIEBRE SALVAN EL BOSQUE

03 luns

EXPOSICIÓN

12.00 h Ateneo Ferrolán. Ferrol.

INAUGURACIÓN DA MOSTRA PICTÓRICA DE F. GOCHI

06 xoves

CONTANDO CIENCIA

19.30 h Casa da Cultura. Fene.

ESTÍBALIZ ESPINOSA: MULTIVERSO DE TELESCOPIAS

07 venres

EXPOSICIÓN

20.00 h Fundaçom Artábria. Ferrol.

MARIO MARTÍÑO: A MÚSICA GALEGA TEM NOME DE MULHER

TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

UNA MADRE DE PELÍCULA



MÚSICA

23.30 h Sala La Room. Ferrol.

EL MERCADO DEL ROSEN. TRIBUTO ROSENDO

08 sábado

MÚSICA

13.30 h Sala Guión. Pontedeume.

GRAMPODER

INFANTIL

19.30 h Teatro de Beneficencia. Ortigueira.

PUM PUM, QUEN HAI?

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

O DEUS DO POP



ÓPERA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

AINHOA ARTETA

MÚSICA

22.00 h Fundaçom Artábria. Ferrol.

NADIE GONZÁLEZ

MÚSICA

22.00 h Sala La Room. Ferrol.

LA ROOM ELECTRÓNICA: GROBAS, MARIO D'FER, OCCY Y ZULU

MÚSICA

22.00 h Sala Guión. Pontedeume.

DEMEZIA SOCIAL, SOUNDEGE, VLAKLYTH

09 domingo

INFANTIL: PETÍS DÚPLEX

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

NINA Y EL SECRETO DEL ERIZO

INFANTIL

12.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

ROSALÍA, A PULGA QUE ESCRIBÍA

MÚSICA

13.00 h Fundaçom Artábria. Ferrol.

MEDIAREA



INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

AS VERBAS DE LUISA



14 venres

PRESENTACIÓN DO LIBRO

19.30 h Fundaçom Artábria. Ferrol.

ISABEL REI SAMARTÍN: GALIZAN NATION. UNHA DISTOPIA KPOP

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

A BANDA DA LOBA

TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

LA 4TA LUCÍA

MÚSICA

23.30 h Sala La Room. Ferrol.

CARLOS MOSQUERA, MOS

15 sábado

TEATRO MUSICAL

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

MACHO GRITA



MÚSICA

23.00 h Sala Guión. Pontedeume.

ATAQUE ESCAMPE



MÚSICA

23.30 h Sala La Room. Ferrol.

STORMY TRUCKS

16 domingo

INFANTIL: PETÍS DÚPLEX

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

SIROCO Y EL REINO DE LOS VIENTOS

INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

KYOKI

TEATRO
19.00 h Teatro Jofre. Ferrol.

CIGARREIRAS

18 martes

PRESENTACIÓN DO LIBRO

20.00 h Fundaçom Artábria. Ferrol.


LUCÍA VECIÑO E MARGARIDA CORRAL: MULLERES NA CONSTRUCCIÓN DA NACIÓN GALEGA

21 venres

MÚSICA

19.30 h Sala Afundación. Pontedeume.

LORCA. OS SEIS POEMAS GALEGOS: XOÁN RUBIA E DANIEL ADZEMIAN + HENRIQUE ALVARELOS



TEATRO
20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

CONTINENTE MARÍA

TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

PEQUENA MENTIRAS PARA CONTAR GRANDES VERDADES

TEATRO
22.00 h Fundaçom Artábria. Ferrol.

DESPOTORRE



22 sábado

MÚSICA

13.30 h Sala Guión. Pontedeume.

MARICARME

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

HOY TENGO ALGO QUE HACER

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

KARMENTO

MÚSICA

22.00 h Fundaçom Artábria. Ferrol.

MESTÍS

MÚSICA

22.00 h Sala Guión. Pontedeume.

MÚSCULO!

23 domingo

INFANTIL: PETÍS DÚPLEX

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

NINA Y EL SECRETO DEL ERIZO

INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón

CONTOS PARA ENTENDER(NOS) MELLOR

MÚSICA

23.30 h Sala La Room. Ferrol.

BLUES DO PAÍS

26 mércores

CINE

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

LA FURIA Y LA CARNE

28 venres

CONFERENCIA

19.30 h Fundaçom Artábria. Ferrol.

TRAFICANTES GALEGOS NO COMÉRCIO DE PESSOAS ESCRAVIÇADAS: O CASO DE RAMÓN PLÁ

TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón

LA CELESTINA

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

29 sábado

MÚSICA

13.30 h Sala Guión. Pontedeume.

NEBRA

TEATRO
20.00 h Auditorio Municipal. Cedeira.

ENTREGA EN MAN

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

VICIO HOUBO SEMPRE



DANZA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

AURORA BOREAL

30 domingo

INFANTIL: PETÍS DÚPLEX

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

SIROCO Y EL REINO DE LOS VIENTOS

INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

LÚA QUERE VIAXAR A... MARTE!

TEATRO

19.30 h Liga de Amigos de Barallobre. Fene.

DE MARZO A MARZO



Nº 201
ANO XVIII

EDITA:

ee | edicións embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

@Aí

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arcusa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción



turismo.dacoruna.gal
[@IDACTurismo](https://twitter.com/IDACTurismo)
[Turismo da Deputación da Coruña](https://www.facebook.com/Turismo-da-Deputación-da-Coruña)
[Dacorunismo](https://www.instagram.com/Dacorunismo)